

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 2 prazas de ordenanza conserxe edificios cultura (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Edificios Cultura incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000057 – ORDENANZA CONSERXE EDIFICIOS CULTURA

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1886/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Edificios Cultura incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 1053/2024, do 18/04/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo no posto de Ordenanza Conserxe Edificios Cultura incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

«Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo no posto de **Ordenanza Conserxe Edificios Cultura** (Grupo V) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	AROCA GONZALEZ	AURORA	***1663**	-	SI
2	CALVO PERISCAL	PABLO	***6939**	-	SI
3	CORRAL RODRIGUEZ	LIDIA	***1612**	-	SI
4	GARCIA VAZQUEZ	ALEJANDRA	***8446**	-	SI
5	MENENDEZ VARELA	JOSE MANUEL	***8334**	-	SI
6	SAAVEDRA LOPEZ-SANCHO	ALBERTO MARIA	***1757**	-	SI
7	VAZQUEZ VILLAR	DOLORES	***3719**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: **D^a. Inés Castro Viqueira**
Técnica Auxiliar de Patrimonio do Concello de Carballo.

Suplente: **D^a. María Fuensanta García Babio**
Arquitecta do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: **D. Luis Manuel González Lagarez**
Conserxe – Axente Notificador do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Jesús Gende Gerpe**
Arquitecto Técnico – Xefe da Sección de Obras de Edificación do Concello de Carballo.

Vogal 2:

Titular: **D. José Manuel Mariño Velo**
Xefe da Brigada de Obras do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Xaime Díaz Alonso**
Axente de Inspección de Obras do Concello de Carballo.

Vogal 3:

Titular: **D^a. Mónica Andrade Tasende**
Técnica Aperturas OTM do Concello de Carballo.

Suplente: **D^a. Lorena Castrillón Manso**
Enxeñeira Técnica de Obras Públicas – Xefa da Sección de Proxectos, Obras Públicas e Infraestruturas do Concello de Carballo.

Secretario/a:

Titular: **D^a. María Irache Enríquez Albaina**
Interventora do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Miguel Piñeiro Souto**
Secretario Xeral do Concello de Carballo.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **sesión constitutiva e de baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar **o xoves 25 de abril do 2024 ás 10.00 horas** na Sala de Xuntas sita na 2ª planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 18 de abril de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/2664